

Paula Carballeira: "Con este libro quixen achegar á xente a faceta de Begoña Camaño máis íntima, máis alegre"

Paula Carballeira (Fene, 1972) vén de publicar *Begoña Camaño: o transgredir das ondas*, unha peza teatral coa que busca dar a maior visibilidade á faceta máis transgresora e defensora de dereitos sociais da autora homenaxeada este ano polas Letras Galegas.

Diego Gonzalves

9 de abril de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/paula-carballeira-libro-quixen-achegar-xente-faceta-begona-camano-mais-intima-mais-alegre/2026040922258252912.html>

—Por que decide escribir sobre Begoña Caamaño?

Porque coincidindo coas Letras Galegas, onde se vai facer moito énfase na súa faceta literaria, eu, que fun amiga de Begoña, unha das moitas amigas que tivo en diferentes eidos, quería pór a miña visión dela desde unha perspectiva que quizais non é tan coñecida ou que ao mellor non tiña tanta presenza no mundo literario, que era a máis transgresora de Begoña, máis implicada coa sociedade, con diferentes tipos de conflitos sociais, e que ten moito a ver para coñecer a súa figura e para explicar tamén o seu posicionamento literario. Polo tanto, eu quería abrir varias portañas a esa Begoña comprometida, a esa Begoña loitadora e a esa Begoña que tiña na miña lembranza.

—Que é o que máis destacaría desta faceta de Caamaño?

Destacaría que Begoña, que era xornalista, sabía moi ben como chegar á xente, onde pór o foco; sobre todo en situacións inxustas, que vivimos habitualmente. Ademais, ela, que tiña ese don da palabra, tanto oral como escrita, servía como ponte para que outras voces se puidesen escoitar.

Por iso, eu quixen facer unha peza de teatro na que dalgún modo remitise á radio, onde ela tamén desenvolveu moito a súa faceta profesional, e onde ela non só ofreceu a súa voz, senón que tamén deu oportunidades de que outras voces se escoitasen.

—É difícil escribir sobre unha persoa tan próxima, como é o seu caso con Begoña Caamaño?

Moito. É moi difícil, porque sempre que escribes un libro destas características pensas en ficción. Pero quería facer un homenaxe a Begoña e de paso a outra amiga que tamén está presente no libro, África Leira, pois compartiron moitas vivencias en Venezuela e na vida en xeral. Durante unha época estiveron moi unidas África Leira e Begoña Caamaño, e quería aproveitar para facer

esta homenaxe. Eran amigas que teño moi asociadas a moitas lembranzas e a moitos momentos moi importantes da miña vida.

Ademais, quería achegar á xente máis nova unha persoa como Begoña, que non queda tan atrás, pero que ao final xa parece que é de outra época. Por iso, buscaba tender esa ponte con conflitos que aínda seguen vixentes.

Unha persoa como Begoña, que estaba tan implicada, sempre tan presente... custábame moito asumir esa ausencia. Non é só a ausencia física, senón tamén ausencia da memoria.

—Como era esa faceta 'máis humana' de Begoña Camaño que vostede recolle nesta obra?

Cando eu mudei de casa, ela foi a que me axudou a facer a mudanza. É unha época na que fun a Bergara (Euskadi), que era onde ela estaba vivindo, e ela acolleume.

A min gustábame pór esas lembranzas miñas que pouca xente sabe. Porque son lembranzas propias. E foi un pouco complicado, porque estás falando de partes da túa vida e, ao mesmo tempo, é un exercicio de sinceridade que espero que chegue á xente, que vexa esa faceta tamén de Begoña. A faceta máis alegre... aínda que só hai que ver as súas fotos para ver o sorriso que tiña ela sempre. Esa faceta que non quita o seu compromiso, pero si que explica o seu don de xentes. Esa maneira de achegarse a todo o mundo, de equilibrar a balanza cando hai xente con opinións diferentes... esa Begoña íntima.